

*USOS, ACTITUDES E CRENZAS NO VAL DE XÁLIMA*

TAMARA FLORES PÉREZ

Universidade de Aveiro

Esta comunicación presenta os resultados dunha investigación sobre os usos, actitudes e crenzas no val de Xálima. En contextos de bilingüismo diglósico como o analizado, o estudo das actitudes e crenzas axúdanos a comprender mellor os procesos de asimilación e substitución lingüística, posto que o cambio lingüístico está estreitamente ligado ao cambio nas actitudes lingüísticas dos falantes (Carrasco González 2007: 60; Crystal 2000; Moreno Fernández 2005: 235-248).

A mostra componse de 117 informantes das tres localidades (As Ellas, San Martiño de Trebello e Valverde do Fresno) e os datos que analizaremos foron recollidos a través dun cuestionario de preguntas abertas e pechadas. O devandito cuestionario encádrase dentro dos denominados métodos directos (cf. Moreno Fernández 2009: 185) e rexistrouse oralmente, o que permite unha resposta matizada por parte do entrevistado. Por outra parte, no tratamento dos datos cuantificamos tanto os resultados globais coma os resultados segundo as variables consideradas na mostra (localidade, sexo, idade e grao de contacto coa norma do castelán).

Este traballo céntrase en analizar, por unha banda, a correlación entre os usos e as actitudes e crenzas e, por outra, as percepcións dos falantes en relación coa variación intralectal ou dialectal e coa variación extralectal (froitado do contacto co castelán). Os datos revelan un elevado grao de fidelidade lingüística, así como unha elevada conciencia sobre o proceso de asimilación lingüística. Así mesmo, revelan algunhas dificultades asociadas ao proceso de normativización en curso.